

UNIDADE DIDÁCTICA

MAGOSTO
2011




EQUIPO DE DINAMIZACIÓN
LINGÜÍSTICA
CEP IGREXA—VALADARES



A CASTAÑA QUE REBENTOU DE RISA


unha vez ían de camiño unha brasa de carbón, unha palla e unha castaña. Chegaron a un río e non sabían como cruzalo.




A castaña, que era moi lista, propuxo o seguinte: iComo a palla pode flotar na auga, eu subirei por riba dela e levarame nadando cara a outra beira do río

Logo volverá e poderá levarte a tí!- dixo dirixíndose á brasa.

Ás dúas pareceulles moí ben e así se fixo. Primeiro a palla pasou á castaña e logo volveu pola brasa de carbón




Maís cando estaban á metade do río, a palla sentiu que se queimaba coa calor da brasa e case sen querer fixo un movemento brusco e dunha sacudida guíndouna á auga.




Cando a castaña viu isto deulle un ataque de risa.
Ría tanto de ver a brasa mollada e con
tanta forza que rebentou.

A palla chegou á beira do río toda chamuscada.
A brasa chegou máis tarde, apagada completamente e
enchoupada. Chegaron ademais moí cabreadas coa
castaña porque riu cando elas o pasaban mal.





Maís cando víron que coa rísa rebentara o seu pelexo, e que estaba desfeíta, compadecéronse dela e foron buscar o xastre para que lle remendara o furado. O xastre só tiña un anaco de tea de cor máis clara que o da pel da castaña e tivo que amañala poñendolle un anaco desa cor.



Por iso agora andan todas as castañas cun anaco de pel que é un pouquiño máis clara.



PREGUNTAS SOBRE O CONTO

1.- Quen ía camiñando coa castaña?

2.- Onde se ía montar a castaña?

3.- A quen levou primeiro a palla?


4.- Que pasou cando a palla levaba á brasa?

5.- Que lle pasou a castaña cando viu esto?

6.- A quen foron buscar para axudar á castaña?

7.- Que lle propuso?

LE E CONTESTA:



O CASTIÑEIRO

O castiñeiro é unha árbore de moito tamaño e longa vida, moitos teñen máis de cen anos e dín que algún pasan de mil.

As flores sáenlle no verán e no outono, os froitos que son os ourizos.

No mes de outubro os ourizos empezan a regañar e saen as castañas.

O castiñeiro é unha árbore de folla caduca: as follas cáenlle no outono e saen en primavera.

A madeira de castiñeiro é dura, por iso, se aproveita para facer mobles, bocoís e trabes.

1º Cantos anos dura un castiñeiro?

2º Cando lle saen as flores?

3º E, os froitos?

4º Como se chaman os froitos do castiñeiro?

5º Por que o castiñeiro é unha árbore de folla caduca?

LE DETIDAMENTE O TEXTO E CONTESTA O MAGOSTO

O magosto é unha festa de orixe pagán, que logo foi cristianizada, e, como tódalas festas de carácter agrario, pode situarse na Prehistoria, cando o ser humano vai adquirindo consciencia individual e social. É unha festividade relacionada co culto á fecundidade; de aí a súa relación directa co lume, representando ó sol, deus fecundador da terra. Trátase tamén dunha comida comunitaria e ritual, que reforza os vencellos comunitarios do mundo rural galego; ten carácter alegre e de acción de grazas polos froitos recollidos, así coma de homenaxe ós castiñeiros e as castañas.

Con posterioridade foi asociada ós santos e difuntos, por iso se festexa o 1 de novembro, por ser unha comida que simboliza a morte do ciclo solar anual. Máis tarde, nas terras de Ourense pasou a celebrarse o 11 de novembro, festividade de San Martiño de Tours, padroeiro da cidade das Burgas.

O magosto, hoxe en día, faise na eira da casa, nas adegas, nas lareiras das cocinas, pero segue a tradición de facerse no monte ou nun escampado no que o lume non poida facer mal. Prepárase con certa antelación, poñéndose de acordo para coñecer o que aportará cadaquén, sobre todo castañas e viño, e tamén chourizos e augardente. Despois de cantar, comézase a face-los preparativos. Iníciase a andaina camiño do monte, atopándose outras familias ou amigos, búscase o lugar apropiado (escampado, encrucillado, longa laxa de pedra), todos cantando e facendo lerías. Búscase frouma, palla e tamén acios de morados que estean a madurar. Acéndese o lume. Pícanse as castañas para que non rebenten. Espérase a que desapareza o lume e fiquen as brasas para espaxar as castañas, e despois hai que controlar o seu punto.

CONTESTA

1.- ¿Cal é a orixe do magosto?

2.- ¿Con que culto está relacionado?

3.- ¿Por qué se celebra ás veces o 1 de novembro? ¿E ó 11 de novembro?

4.- ¿Sabes que se fai en San Martiño?

5.- ¿Por qué se lle chama a Ourense a cidade das Burgas?

6.- ¿Qué tipo de lerías se fan polo magosto?

CÓNTAME UN CONTO!

PODES ELIXIR UN DESTES PRINCIPIOS:

- 1.- Había unha vez unha castaña que estaba moi aburrída no seu ourízo. De súpeto, un forte vento soprou e soprou. Entón ela...
- 2.- Érase que se era unha fermosa castaña de cor marrón moi brillante, grande e vanidosa. Un día, como ía tan estirada sempre, o cruza-la rúa...
- 3.- A familia Castaña Temperá tiña ganas de facer unha festa rachada. Puxéronse a organizala e decidiron que o máis divertido sería...
- 4.- Castaña Pílonga era unha castaña que ía tódolos días a cuidar a unha tía súa que tiña o pel picado porque caseque que a pillan para un magosto. Un día...
- 5.- O rei das castañas estaba moi preocupado por unha filla súa que estaba tan pechada en sí mesma, que non daba saído do ourízo. Un día decidiu convocar a tódalas castañas para resolver este problema

AGORA, ESCRIBE O TÍTULO DO TEU CONTO

O COMEZO QUE ELIXICHES

E SEGUE AQUÍ:

This image shows a single sheet of white paper with horizontal blue or grey ruling lines. The lines are evenly spaced and run across the width of the page. There are no margins, text, or other markings on the paper.

VARIEDADES DE CASTAÑAS SEGUNDO AS ETAPAS POLAS QUE PASA:

.

Caraboleca: que non se criou. Que só ten casca.

Bullada: a que se saca do ourizo.

Degraída: a que cae por sí soa do ourizo.

Martíñesa (do S. Martiño): a serodía, tardía.

Sanmigueliña (do S. Miguel): a temperá.

REFRÁNS SOBRE A CASTAÑA:

A castaña no agosto quere arder, e no setembro beber.

A castaña que está no camiño é do veciño.

As castañas no Nadal, saben ben e pártense mal.

Temperá é a castaña que no setembro regaña.

Sempre un porco ruín ha de atopar a mellor castaña.

Con castañas asadas e sardiñas salgadas non hai ruín viño.

A castaña e o besugo, no febreiro non ten zugo.

Se chove na semana do San Mateo non prepares canízo porque non hai ourizos.

EXPRESIÓNS COTIÁS:

Auga de castañas : díse do café frouxo.

Quedar en auga de castañas: algo que non tivo importancia.

Estalarlle a castaña na man: Caer na propia trampa.

Non estar para asar castañas: non ter ganas de festa.

Sacarlle as castañas do lume: librar a un dun problema.

Darlle unha castaña: zurrarlle na cara.

¡Toma castaña!: levar un chasco.

¡Pegarse un castañazo! Pegarse un golpe forte.

Coller unha castaña. Emborracharse.

Estoupou como unha castaña: unha explosión seca.

¡Manda castaña! Algo que non ten xustificación, que sorprende a un.

Vocabulario referido ao magosto

Candea: Flor do castiñeiro.

Carabulecas: Castañas mirradas que hai nos ourizos xunto as outras.

Bulló: Castaña asada e sen casca

Ouriceira: Recinto pechado dos soutos onde se gardan as castañas mentres non abran.

Atoleírar: Varear as polas dunha árbore

Baloíra: Pau longo para varear os ourizos

Canízo: Espazo que había debaixo do tellado nas lareiras para secar as castañas.

Amoxetar: Facer un corte na parte de afora da castaña para que non estoure-

Soutos: lugares onde hai castiñeiros.

ACTIVIDADES

1.-Tendo en conta a estatística seguinte, completa as frases:

CASTAÑAS

Producción mundial correspondente ó ano 1999 (en miles de toneladas) e porcentaxe con respecto á produción mundial Total %

República de Corea 119.790 22,4

China 117.000 21,9

Italia 78.432 14,7

Turquía 70.000 13,1

Bolivia 32.233 6,0

Xapón 26.200 4,9

España 20.000 3,7


Portugal 19.728 3,7

Federación Rusa 14.000 2,6


Francia 12.745 2,4

Total mundial 534.836

Superficie: Galicia/España



Producción Castañas



Países que máis castañas producen _____ ,


Lugar que ocupa España: _____

España representa o _____ % da produción mundial.

Galicia representa o _____ % da produción española.

Expresa en quilogramos a produción de España en 1.999: _____

2. Estas follas pertencen a estas árbores: castiñeiro, teixo, acívro e carballo. Serás capaz de as identificar?



3.- Cíbrán colleu máis castañas que Xoán, e Iago máis que Cíbrán. Quen colleu menos?

4. Xíán ten o triplo de castañas menos tres ca Iría. Se Xíán ten 21 castañas, cantas ten Iría?

5. Nesta serie hai unha palabra que non está ordenada segundo un criterio establecido. Trata de descubrir este criterio e localizar a palabra desordenada.

Candea, ourízo, castaña, sacudir, castiñeiro, magosto.

6. Sí planto castiñeiros en fila, separados 2 metros entre sí. Cantos precisarei para poñer aos dous lados dun camiño de 300 metros?

ADIVIÑAS:

Ten pelexo coma a xente,
e é moí boa para comer;
chega polo mes de Santos
e todo o ano a tés.

Alto me vexo
no meu capelexo,
por unha rísada
quedeíme sen nada.

Alto está
barbas ten,
rí e solta o que ten

Altos país
peludas naís
fillos con peles
adiviña se queres.

No aire se cría,
no aire se ten;
bota unha rísada
e perde o que ten.

CANTIGAS

Castañas asadas
e viño con mel
a miña señora
detrás do tonel.

Moza que estás no canízo
bota castañas abaixo,
anque non teña mandíl
acádochas no refaíxo.


Castañas asadas
e viño con mel
e a miña señora
detrás do tonel.

Miña nai, dóeme a barriga
miña filla, confesión.
as castañas que comiche
de que castiñeiro son?

A castaña no ourízo
quixo rír e rebentou:
caendo castíro abaixo, mira
que golpe levou!


Monxe que estás no canízo
tira castañas para baixo,
tírame das máis grandíñas
que ás pequenas non me
baixo.

UNE E COMPLETA:




CARBALLO

C__RB__LL__




CASTIÑEIRO

C__ST__Ñ____R__




COLOREA E COMPLETA:




COLOREA ESTE CASTIÑEIRO CAS CORES DO OUTONO



MARCA O CAMIÑO QUE DEBERÁ SEGUIR O ESQUIO PARA CHEGAR Á ÁRBORE. TES QUE SEGUIR A ORDE INDICADA.






O magosto

Plaf, plaf, plaf, plaf
Caen follas a modíño
Plaf, plaf, plaf, plaf
Pínga, pínga, pínga sen parar.

Noces e castañas
Crac, crac, crac
Tap, ta,p, tap.
Cogumelos e mazás
Chup, chup, chup
Ñam, ñam,





A castaña

A castaña é un dos alimentos máis antigos da Humanidade. Dende o Paleolítico o home aproveitou e alimentouse de castañas e landras. Na relixión celta, o castañeiro debeu de ser venerado polos seus druídas, en compañía do carballo.

O castiñeiro foi a árbore do pan das nosas tribos antes da chegada dos romanos, comíanas asadas, ou facían fariña das castañas secas ou "pílongas", para alimentarse durante todo o ano.

Ate fai poucos anos, eran alimento base da poboación europea en forma de fruto fresco, seco, sen as súas peles, ou moída en fariña. No século XVI, viñeron as patacas e o millo de América, estableceuse a competencia e perderon pouco a pouco protagonismo na dieta campesiña, e moito máis ao ser atacado a nobre árbore por enfermidades como o "chancro" e a "tinta".

O número de castañeiros diminuíu en Galicia a pesares das repoboacións, diminuíndo tamén a produción cada ano.

Cada vez máis, a invasión de piñeiros e eucaliptos denigra os nosos montes e faínos presa dos incendios.

O **castiñeiro** é unha árbore nobre e non só produce castañas. Danos unha magnífica sombra en verán e leña en inverno. En simbiose, produce uns marabillosos cogumelos, compañeiras culinarias nos máis delicados pratos. Embelece a paisaxe, protexe e mellora o ecosistema

A castaña proporciona uns beneficios considerables tanto polo valor real das exportacións como polo número de quílos comercializados directamente ou por medio de produtos derivados, especialmente das castañas confitadas.

As castañas prodúcense en Outono e no momento exacto de probar o viño novo, producido en setembro, así como nos días en que se acompaña o cocho sacrificado, como regu-lamento, no día de "**San Martiño**", o día 11 de novembro. As cidades medran e as tradicións esvaécense, pero aínda en aldeas, pobos e cidades, os homes lembran antigos pra-tos tradicionais que se comían en casa dos seus avós, fei-tos ou acompañados de castañas.

O MAGOSTO

O Magosto prepárase con certa antelación, deséxase unha tarde soleada, os grupos pónense de acordo para coñecer o que aportará cadaquén fundamentalmente castañas e viño novo (aínda que nalgúns lugares complétano con: chourizos, churrasco,...).

Tamén esta celebración trae a súa hora, o Magosto tradicional enténdese como unha merenda-cea no mes de novembro nos días próximos ó día de defuntos ou polo San Martiño. Despois de xantar, a partir das tres coménzase a facer os preparativos. Iníciase a andaina camiño do monte, atopándose con outras familias ou grupos de amigos, búscase o lugar axeitado (escampado, encrucillada, longa laxa de pedra, onde o lume non poida facer mal), todos van cantando e disfrutando do día de outono. Búscase pica, fentos secos, piñas ou palla para prende-lo lume.

Acéndese o lume, inicalmente produce moito fume, pero logo a fogueira aumentará de volume e todos se achegan enfeitizados polo seu embruxo.

Pícaremos as castañas para que despois non rebenten no lume.

Cando o lume se apague por sí só, amorearemos as brasas, poñeremos unha parrilla e nela unha lata con buratos na que iremos colocando as castañas xa picadas. Darémolle voltas cun pau longo de madeira ata que estén no seu punto, ben asadas pero non totalmente torradas.

Mentras esto se vai facendo, os demais participantes preparan o sitio onde comelas e fan cucuruchos con papel para poder levalas.

A festa non sería tal sen contar con xogos populares, bailar, contar contos, cantar,...

RESOLVE :


Magosto. Tinta. Ourizo. Balóira. Ouriceira. Atoleirar.
Castiro. Sacudir. Candeia. Chancro.

M	S	F	C	H	A	N	C	R	O	I
A	H	A	R	I	O	L	A	B	E	Z
G	F	G	I	Z	O	M	L	Q	U	V
O	U	R	I	C	E	I	R	A	R	O
S	O	R	I	S	T	A	C	P	I	N
T	U	R	C	I	E	D	A	I	D	S
O	I	N	T	D	E	I	S	R	U	O
N	U	N	N	H	Z	X	T	Ñ	C	E
P	L	A	T	O	L	E	I	R	A	R
F	C	R	Y	A	O	H	R	Ñ	S	X
P	E	Q	U	E	S	T	O	N	U	A

Escrebe as cousas que tiveron que facer este grupo de amigos para celebrar o magosto.




ENCRUCILLADO



- 1- un dos días que se acostuma a celebrar o magosto
- 2- Castaña cocida con casca
- 3- Abrir o ourizo
- 4- Terreo poboado de castiñeiros
- 5- Casca espíñenta da castaña.
- 6- Flor do castiñeiro
- 7- Castaña pelada e case seca.

SOLUCIÓN



• Une con frechas



maceira

souto



carballo

pomar



piñeiro

carballeira



castiñeiro

piñeiral

• Pon o nome e colore a



• Busca na Gopa de
letras os nomes que
corresponden a estes
debuxos



d	k	j	k	f	l	s	m	q
f	e	s	t	o	u	p	a	r
u	u	t	x	l	m	s	g	l
d	t	i	s	l	e	r	o	g
s	r	l	z	a	d	r	s	r
f	t	l	z	s	f	t	t	t
c	h	o	u	r	i	z	o	x



ATOPA AS VOGAIS QUE VOARON

C_ND__

__R_C__R_

C_ST_Ñ__R_

C_N_C__R_

M_G_ST_

_S_R

(Candea, ouríceira, castíñeira, caníceira, magosto, asar

UNE CADA EXPRESIÓN CO SEU SIGNIFICADO

Sequeíro

Petelar

Soutar

Souteíro

- Sacar as castañas dos ourízos.
- Lugar no que se poñen os ourízos das castañas para secar.
- Persoa que apaña as castañas.
- Apañar as castañas que caeron do castíñeiro.

CADA OVELLA CA SÚA PARELLA. UNE CADA EXPRESIÓN CO SEU SIGNIFICADO.

- Saír dun souto e meterse noutro .
- Darlle ó pételo.
- Auga de castañas.

Chuvíeira Baduar Empeorar

• As castañas son un alimento moi san e moi rico; pódense preparar de diferentes maneiras. Aquí che vai unha receita para que a prepares e a disfrutes

Puré de castañas

Ingredientes: Castañas, leite, sucre.

*Primeiro cocemos as castañas en auga.
Despois sacámoslle a pela e esmagámolas,
engadíndolle unha culleriña de sucre.
Mesturámolas con leite frío.
E xa as podemos comer.*



• Busca outras receitas e
escribeas aquí:



GÚSTACHE O RAP?

POIS SI É ASÍ, TAMÉN CHE GUSTARÁN AS REQUEIFAS.


ISTO É UNHA REQUEIFA (OU COPLA CANTADA AO DESAFÍO). INVENTA TI OUTRA NOVA.



“TRES EN RAIA”

XOQA AS “TRES EN RAIA” CON TRES CASTAÑAS GRANDES E TRES PEQUEÑAS

CANDO TEÑAS O TABOLEIRO PINTADO DE CORES:



CANTIGA DO MAGOSTO

*Estamos no outono
isto é un pracer
facemos o magosto
que bonito é*

*Collemos as castañas
ímolas pícar
facemos o lume
agora hai que esperar*

TIC...TAC...TIC...TAC...

*Agora xa están feitas
ímolas comer
que ricas que están
isto está moi ben*

*Todo desperdicio
que desparramamos
hai que recoller
porque rematamos*

*Ata o ano que vén
Temos que esperar
para o magosto
volver a festexar.*

.

ADIÓS CASTAÑA ... ADIÓÓÓÓS


ANEXOS:

PLANTILLAS CONCURSO :

“OUTONO LITERARIO”

TÁBOA :

“XOGOS POPULARES”



INSTRUCCIÓNs:

- Recorta pola línea de puntos.
- Redacta en galego.
- Escribe con letra clara e sen faltas de ortografía.
- Expresa as ideas de forma ordeada.
- O prazo de entrega será o ____ de _____. Lugar: Caixas da biblioteca
- Os traballos mal presentados serán eliminados.


RECEITA

NOME: _____ CURSO: _____

TÍTULO: _____

INSTRUCCIÓNs:

- Recorta pola línea de puntos.
- Redacta en galego, con letra clara e sen faltas de ortografía.
- Expresa as ideas de forma ordeada.
- O prazo de entrega será o ____ de _____. Lugar: caixas de biblioteca.
- Os traballos mal presentados serán eliminados.



INSTRUCCIÓN:

- Recorta pola liña de puntos.
- Redacta en galego, con letra clara e sen faltas de ortografía.
- Expresa as ideas de forma ordeada.
- O prazo de entrega será o ____ de ____.. Lugar: caixas da biblioteca.
- Os traballos mal presentados serán eliminados.

REFRÁN

NOME: _____

CURSO: _____

INSTRUCCIÓN:

- Recorta pola línea de puntos.
- Redacta en galego.
- Escribe con letra clara e sen faltas de ortografía.
- Expresa as ideas de forma ordeada.
- O prazo de entrega será o _____ de _____.
- Os traballos mal presentados serán eliminados.
- Lugar de entrega: caixas da biblioteca

XOGOS POPULARES

NOME DO XOGO	
NÚMERO DE XOGADORES	
REGRAS	
DESENVOLVE- MENTO	
MATERIAL NE- CESARIO	